

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 1 de xullo de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 2 de xuño de 2020 e á sesión extraordinaria do 12 de xuño de 2020.
- \* Aprobación da modificación da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e dos procedementos de selección de profesorado doutor con vinculación permanente na Universidade de Vigo.
- \* Aprobación das solicitudes presentadas polos centros sobre a modalidade de inicio da docencia para o curso académico 2020/21 en carácter de presencialidade e docencia mixta, así como as actividades docentes previstas entre o 7 e o 18 de setembro do 2020.
- \* Aprobación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2019 da Universidade de Vigo para o seu trámite ao Consello Social.
- \* Aprobación de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2019.
- \* Aprobación das transferencias de crédito necesarias para cumprir cos obxectivos do Convenio de accións estratéxicas de I+D+i asinado coa Xunta de Galicia para os exercicios 2019-2020.
- \* Aprobación da corrección do erro na partida orzamentaria asignada ao Mestrado Universitario en Neurociencia (111LP06) no Orzamento 2020.
- \* Aprobación do alleamento de tecnoloxía á empresa Coinscrap Finance S.L.
- \* Aprobación do regulamento do persoal investigador visitante.
- \* Aprobación da modificación do punto 7 sobre prácticas externas do acordo de CG do 29 de abril do 2020, sobre o conxunto de actuacións previstas cara ao fin do presente curso académico a causa da situación creada polo estado de alarma cusado polas crise da COVID-19.
- \* Elección dos membros da comisión de traballo recollida no Protocolo para a preparación de propostas específicas para os centros cara ao bienio 2020/2022:

- Cid Vera, Luis Saúl
- Domínguez Blanco, Santiago
- Lantarón Caeiro, Eva María
- Montero Reguera, José Francisco
- Reborada Morillo, Susana
- Rodríguez Martínez, Francisco Javier
- Vázquez Alonso, Aroa

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.